El Progreso

TELEFONOS:
Dirección-Gerencia-Admón. 212232
Redacción y Talleres 211055
APARTADO DE CORREOS n.º 5
TELEX 86509

EP DIARIO DE LUGO FUNDADO EN 1908

JOSE A. PRIMO DE RIVERA, 12

LUGO, seis de maio do ano setenta.

Señor don Luis Seoane, La Coruña.

Meu querida amigo:

Hoxe recibín a invitación pra inauguración de Sargadelos. Aló penso de ire o domingo. Xa vos veréi e parlicaréi con vós. Hoxe no "Progreso" o programa de aitos da inauguración, e remítoche un número.

Que che coste que sinto moitas ansias de ver o mural do Marqués. E algo que me intresa por moitas razós.

A loza de Sargadelos fai por eiquí moi boa impresión. A loza no novo Sargadelos. E tamén os dibuxos. Penso que podedes conseguir un bon mercado,

c/c { BANCO PASTOR - BANCO DE LA CORUÑA - BANCO ESPAÑOL DE CREDITO / BANCO DE VIZCAYA - BANCO DE SANTANDER - BANCO HISPANO AMERICANO

drento e fora de Galicia.

Fai moitos anos que non vou por Sargadelos, e cuasemente non me lembro cómo é aquelo. Mais teño a impresión que me gustóu moito. Tampouco volvín por Cervo, inque paséi moitas veces por San Ciprián istes derradeiros anos...

E qué raro me parce que nos volvamos ver, a volta de tantos anos...

Unha perta i-as miñas agarimosas lembranzas á túa dona.

A. Fole

Xa sei que o amigo Dieste estaba moi ledo na cea dos académicos. Sentín moito non podere asistir